Manual de uso para a utilización do recurso educativo “Filosofía 1º de Bacharelato”

Este recurso educativo deseñouse e pensouse para que o use as profesoras e profesores de Filosofía e, a través deles chegue ao alumnado. En ningún caso vai destinado ao alumnado diretamente pois deberá ser o profesorado quen o actualice, adapte, complete, selecione… Non procede, polo tanto, crear un manual de usuario destinado ao alumnado.

O recurso consta, basicamente, dun curso virtual creado con Moodle 2.6 que o profesorado deberá restaurar na aula virtual do seu centro. O recurso ven acompañado dunha guía didáctica que, ademais dos apartados

- Obxectivos pretendidos
- Aspectos curriculares
- Metodoloxía
- Orientacións
- Actividades
- Recursos de avaliación

desenvolve o proxecto didáctico desta materia de bacharelato a tenor do disposto na lexislación educativa e das orientacións da Inspección educativa. Esta guía didáctica inclúe tamén a programación de aula dalgúns dos temas desta materia que o profesorado deberá adaptar ás súa necesidades, opcións pedagóxica e didácticas, así como establecer a temporalizaión dos temas.